



RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 12 DE MAIO DE 2009

Ás 10.00 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no [anexo I](#).

1. Informe do reitor

O Sr. Reitor comeza a súa intervención dándolle a benvida aos novos membros do Consello de Goberno en representación dos decanatos e as direccións dos centros. Igualmente, o Sr. Reitor dálles os parabéns aos profesores da Universidade da Coruña que pasan a asumir responsabilidades de goberno tanto no novo executivo galego, que é o caso do Sr. Rodríguez Bugarín, como no executivo estatal, que é o caso do Sr. González Laxe. Tamén lles dá conta aos membros do Consello de Goberno dos cambios operados no organigrama dos Ministerios de Educación e de Ciencia e Innovación e da persoa responsable da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que é o Sr. Jesús Vázquez Abad. Continúa a súa intervención informando dos temas tratados na sesión do Consello Social da Universidade da Coruña do día 30 de marzo e na sesión da Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas (CRUE) do día 5 de maio.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa. Na súa intervención, o Sr. Vicerreitor sinala que o pasado 16 de abril a Comisión de Avaliación das empresas de base tecnolóxica do viveiro de empresas da Universidade da Coruña acordou aceptar para a súa entrada no viveiro os proxectos empresariais Teimas Desenvolvemento, S.L., Datandi e Cronotic. Tamén sinala que o pasado 22 de abril se celebrou unha xornada sobre *Spin-offs* universitarias, en que o Sr. Reitor presentou o catálogo de empresas de base tecnolóxica da Universidade da Coruña. Aproveita este tema para lembrar que nos catro anos que leva en funcionamento o viveiro de empresas de base tecnolóxica se construíron máis de vinte empresas, de modo que, sempre cos datos da rede OTRI, a Universidade da Coruña é a quinta universidade española en creación de empresas *Spin-off*.



O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa da convocatoria dunha praza realizada desde a última sesión do Consello de Goberno para cubrir necesidades docentes, que figura no [anexo II](#). Trátase dunha praza convocada polo procedemento ordinario e explica as razóns desta convocatoria.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Cultura e Comunicación, quen informa da resolución das convocatorias de axudas para a realización de xornadas e cursos de verán da Universidade da Coruña.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais, quen informa do III Encontro de Estudantes Internacionais de Intercambio que tivo lugar en Ferrol o día 7 de maio e foi todo un éxito. O encontro reuniu a 350 estudantes procedentes das tres universidades do Sistema Universitario Galego. Ao acto asistiron o Sr. Reitor da Universidade da Coruña, o Sr. Alcalde do Concello de Ferrol, o Sr. Presidente da Deputación da Coruña e mais o Sr. Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, cuxa presenza constitúe a primeira visita oficial a unha universidade galega. A Sra. Vicerreitora agradece a colaboración das entidades participantes na organización do encontro e mais o traballo realizado pola Vicexerencia de Ferrol, pola Oficina de Relacións Internacionais de Ferrol e polos estudantes que participaron na organización. Así mesmo, salienta a colaboración co IES Fragas do Eume que se encargou do *catering*.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa das imputacións de expedientes e da validación de expedientes correspondentes ao ano 2009 que figura no [anexo III](#).

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Secretario Xeral, quen informa dos cesamentos e nomeamentos que figuran no [anexo IV](#). O Sr. Secretario Xeral tamén informa do proceso de elección dos novos membros do Consello de Goberno en representación dos decanatos e das direccións dos centros e da reclamación presentada contra a proclamación provisoria de persoas candidatas electas, que foi desestimada por unanimidade pola Comisión Electoral Central da Universidade da Coruña.



2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria do 27 de marzo de 2009

Apróbase, por asentimento, a acta da sesión ordinaria do 27 de marzo de 2009, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Sr. Secretario Xeral infórmaos dos 68 convenios que figuran no [anexo V](#), que se clasifican nesta ocasión en convenios marco (3), convenios específicos (23) e convenios para prácticas (42) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Os convenios en cuestión son aprobados por asentimento.

4. Convocatoria de eleccións institutos universitarios propios (Instituto Universitario de Estudos Europeos, Instituto Universitario de Estudos Irlandeses “Amergin” e Instituto Universitario de Medio Ambiente

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Secretario Xeral. Logo das explicacións do Sr. Secretario Xeral sobre o proceso de eleccións de membros dos Consellos de Institutos ao abeiro do regulamento de creación, modificación e supresión dos Institutos Universitarios de Investigación, aprobado por este Consello de Goberno na súa sesión do día 20 de xullo de 2006, apróbase por asentimento a proposta de convocatoria de eleccións en institutos universitarios propios que figura no [anexo VI](#), que foi aprobada pola Comisión Electoral Central da Universidade da Coruña na súa sesión do día 11 de maio.



5. Modificación e renovación da composición da Comisión de Seguimento do Plano de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Secretario Xeral, quen informa aos membros do Consello de Goberno de que a Comisión de Seguimento do Plano de Normalización Lingüística acordou por unanimidade na súas sesións do día 19 de xaneiro de 2009 e 31 de marzo de 2009 propoñerlle ao Consello de Goberno unha modificación do número de membros da composición desta Comisión e a renovación de dous dos seus membros nos seguintes termos. A respecto do número de membros, a Comisión proponlle ao Consello de Goberno que incremente en máis unha persoa o número de representantes na Comisión polo Persoal Docente e Investigador (PDI). No caso de se aprobar esta proposta, solicitan incorporar á Comisión o profesor don Xosé Ramón Freixeiro Mato. E a respecto da renovación de dous dos seus membros, a Comisión, logo da marcha de dona Avia González Veira e don Miguel Ratón Almuíña (que se produciu por deixaren de ser membros do colectivo de estudantes da UDC), proponlle ao Consello de Goberno que os novos estudantes que se incorporen sexan de dous centros distintos que non estean representados na Comisión de Seguimento e que un deles sexa do campus de Ferrol. No caso de seren aceptados estes criterios, solicitan a incorporación á Comisión de dona Iria Varela Parafita, do campus de Ferrol (EU de Deseño Industrial), e de don David José Soto Díaz, do campus da Coruña (Facultade de Dereito).

Logo dunha quenda de intervencións, en que participa o Sr. Delgado Martín, apróbanse por asentimento tanto a proposta de modificación da composición da Comisión de Seguimento do Plano de Normalización Lingüística como a proposta de renovación de membros desta Comisión.

6. Calendario de estudos de doutoramento

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen lles dá conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de calendario de estudos de doutoramento que figura no [anexo VII](#). Trátase dunha proposta en que se inclúen os estudos de doutoramento correspondentes tanto ao Real decreto 778/1998 (en proceso de extinción) como aos reais decretos 56/2005 e 1393/2007.



Logo dunha quenda de intervencións en que participa o Sr. Delgado Martín, apróbase por asentimento a proposta de calendario de estudos de doutoramento que figura no citado anexo.

7. Calendario de preinscrición e matrícula nos mestrados oficiais universitarios

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen lle dá conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de calendario de preinscrición e matrícula nos mestrados oficiais universitarios que figura no [anexo VIII](#).

Logo dunha quenda de intervencións en que participa a Sra. Manso Revilla, apróbase esta proposta por asentimento.

8. Límite de prazas

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen explica a proposta de límite de prazas que figura no [anexo IX](#), deténdose nos cambios que hai a respecto dos anos anteriores,

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa a Sra. Manso Revilla o Sr. Naveira Fachal, a Sra. López Fernández, o Sr. González López e o Sr. Valderruten Vidal, apróbase por asentimento a proposta de límite de prazas que figura no citado anexo.

9. Libre elección

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen informa da proposta de materias de libre elección que figura no [anexo X](#), indicando que se trata dunha oferta de materias para o caso concreto das titulacións vellas ou non adaptadas ao espazo europeo de educación superior.

Logo dunha quenda de intervencións en que participan os Sres. González Santos e Vizcaíno Hermida, apróbase por asentimento a proposta de libre elección que figura no citado anexo.



10. Propostas para a composición dos Comités de Avaliación para a 1.^a convocatoria do Programa Docentia

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías, quen informa das propostas para a composición dos comités de avaliación para a primeira convocatoria do programa docentia, que figura no [anexo XI](#).

Logo dunha quenda de intervencións en que participan o Sr. Casteleiro Maldonado, a Sra. Manso Revilla, a Sra. López Fernández, o Sr. Salvador González e o Sr. Delgado Martín, apróbanse por asentimento as propostas para a composición dos comités de avaliación para a primeira convocatoria do programa docentia.

11. Prazas de profesorado

Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen lles dá conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de convocatoria de prazas que figura no [anexo XII](#), apróbase por asentimento a proposta en cuestión. Aprobada a convocatoria de prazas, o Sr. Vicerreitor de Profesorado somete a consideración dos membros do Consello de Goberno a proposta de composición das comisións xulgadoras das prazas de profesor titular, que figuran no [anexo XIII](#) e que resultan tamén aprobadas.

12. Licenzas e permisos

Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, en que dá conta da solicitude presentada para os efectos de concesión de licenzas que figura no [anexo XIV](#), apróbase por asentimento a solicitude en cuestión.

13. Venias docentes

Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, en que dá conta da relación de solicitudes presentadas para os efectos de concesión de venias docentes que figura no [anexo XV](#), apróbanse por asentimento as solicitudes en cuestión.



14. Renovación de profesorado emérito

Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, en que dá conta da solicitude de renovación de profesorado emérito por dous anos máis que figura no [anexo XVI](#), apróbase en votación secreta a renovación da contratación por 22 votos a favor, 10 en contra e 7 abstencións.

15. Ano sabático

Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, en que dá conta da relación de solicitudes de ano sabático que figura no [anexo XVII](#), ábrese unha quenda de intervencións, en que participa a Sra. López Poza.

Apróbase a relación da solicitudes de ano sabático que figura no citado anexo.

16. Revisión da Normativa sobre reducións por cargo académico no POD

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa da proposta de revisión da normativa sobre reducións por cargo académico no Plano de Organización Docente (POD), que figura no [anexo XVIII](#). Trátase dunha proposta que trae causa dos procesos de avaliación tanto das titulacións como do profesorado en axencias estatais como autonómicas, en que as persoas que participan como coordinadores teñen que dedicar moito tempo e esforzo.

Logo dunha quenda de intervencións en que participan a Sra. Manso Revilla e o Sr. Casteleiro Maldonado, apróbase por asentimento a revisión da normativa sobre reducións por cargo académico no POD que figura no citado anexo

17. Modificación do Regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias

Apróbase por asentimento a proposta de modificación do regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias que figura no [anexo XIX](#) logo dunha quenda aberta de intervencións na que participa o Sr. Fernández López.



18. Quenda aberta de intervencións

Toma a palabra a Sra. Regueiro Diehl, que solicita unha aclaración na relación de cesamentos e nomeamentos a que fixo mención o Sr. Secretario Xeral no punto primeiro da orde do día desta sesión. Concretamente, sobre a vinculación que ten coa Universidade a Sr. Marie Christine Mandic. En resposta, a Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais indícalle que é contratada laboral e non docente.

Toma a palabra o Sr. Casabella López, quen realiza unha serie de consideracións en relación con certas actuacións que se están a desenvolver desde a Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental, tales como as relacionadas co proxecto do Campus Center sobre as que hai descontento por parte dos docentes do seu centro por non poder participar neste. En resposta, o Sr. Reitor, o Sr. Vicerreitor de Cultura e Comunicación e o Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica sinálanlle que se trata dun procedemento totalmente transparente, de que seu información nos distintos órganos de goberno desta universidade e en que se está a actuar conforme á lexislación e ao acordado para tales efectos na mesa de contratación desta universidade.

Toma a palabra o Sr. Nogueira López, quen logo de agradecer o esforzo didáctico que fixo hoxe o equipo de goberno pensando nos novos membros do Consello de Goberno, centra a súa intervención en cuestións relacionadas co sistema de control da calidade que hai na nosa universidade, que é necesario. Coincide en parte co Sr. Casteleiro Maldonado, pero coida que se trata de problemas que se poden resolver con máis recursos e máis medios, sempre sobre a base de que hai que desenvolver políticas de calidade. O Sr. Casteleiro Maldonado desexa intervir para sinalar que no seu escrito no quere criticar a filosofía do sistema.

Toma a palabra o Sr. Valderruten Vidal, quen dá conta dos problemas de espazo do seu centro para o profesorado e para impartir aulas, pois a incorporación de novo profesorado deu lugar a problemas de espazo, que tiveron que ser resoltos ocupando provisoriamente lugares destinados para aulas. Por isto, considera necesaria a creación dunha estrutura estable de comunicación para saber como van as obras.



Toma a palabra o Sr. Sánchez García, quen pide máis apoios no tema de software libre, pois a información non chega en formato aberto, e propón unha serie melloras para a web institucional da nosa universidade e no sistema de titorías do estudiantado que se ten que desprazar ao Edificio Xoana Capdevielle.

Toma a palabra o Sr. González Santos que fai unha serie de propostas na súa intervención. En primeiro lugar, propón novos horarios para as aulas de estudo do Centro Universitario de Riazor e do Edificio Xoana Capdevielle, tendo en conta para tales efectos o establecido noutras universidades para épocas de exames. En segundo lugar, propón que edificio do Pavillón de Estudantes sexa utilizado para o que o seu propio nome indica, por esta razón considera oportuno que se trate como punto da orde do día dunha sesión deste órgano que haxa espazos para as asociacións estudantís máis representativas. En resposta, a Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais indícalle que se compromete a estudar estas propostas, especialmente a relativa ao horario das aulas de estudo, mais tendo en conta que a primeira ten un impacto económico realmente grande, pois implica a contratación de máis persoal, que non se vai compensar totalmente logo. De todos os xeitos, sinala que se poden ampliar máis os horarios do Centro Universitario de Riazor. E a respecto dos espazos do Pavillón de Estudantes, a Sra. Vicerreitora sinala que se trata dun lugar en que hai moitos servizos, que pode ser obxecto de reforma para repartir mellor o espazo, sen prexuízo de que se valoren outros lugares para o fin solicitado. E por último, propón que se renoven as comisións delegadas deste Consello de Goberno, a que o Sr. Reitor responde indicándolle que na seguinte sesión así se fará e que non se puido facer antes porque había que esperar á renovación da súa composición.

Remata a quenda de intervencións o Sr. Pena Agras, quen amosa a súa preocupación pola transformacións en graos das titulacións que se imparten na Escola Universitaria Politécnica e na Escola Politécnica Superior de Ferrol e solicita información sobre os traballos que se están a realizar na comisión mixta creada para tales efectos. En resposta, interveñen o Sr. Vicerreitor de Profesorado e a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións para informar das reunións realizadas e para sinalar que esta comisión ten por finalidade facer propostas dos títulos de graos de navais e industriais sobre as que logo decidirán os centros implicados. Remata a quenda de intervencións o Sr. González López



sinalando que só debería haber un único grao, a quen lle responde o Sr. Reitor que hai que deixar traballar a comisión e os centros.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12.45 h.